

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traballo de Fin de Grao				
Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	O05G110V01991			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Martínez Vidal, Aurora			
Profesorado	Martínez Vidal, Aurora			
Correo-e	aurora@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O Traballo Fin de Grado (en adiante TFG) estará orientado a que o alumnado amose a capacidade de integración dos diversos contidos formativos e competencias asociadas ao título de Graduado en Educación Infantil. Para poder matricularse no TFG será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudios.			

Competencias de titulación	
Código	
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B20	Iniciativa e espírito emprendedor
B21	Motivación pola calidade

Competencias de materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Coñecementos sobre os modos de elaboración e presentación dun traballo técnico-científico.	B1 B2 B3 B5 B6 B8 B13 B17 B21

2. Afrontar a resolución de problemas reais derivados do ámbito educativo, analizando e valorando diferentes modos de inserción do Traballo Fin de Grao no ámbito profesional. Capacidade para contextualizar o traballo realizado en relación aos problemas reais do contexto educativo.	B1 B7 B8 B13 B14 B16 B17 B20 B21
3. Coñecemento dos modos de escritura relacionados coa realización e presentación de proxectos técnicos-profesionais	B1 B3 B5 B6 B17 B21
4. Capacidade para adecuar os recursos e procesos ás necesidades dos proxectos.	B1 B2 B7 B8 B14 B16 B17 B21
5. Capacidade para a procura, análise e incorporación da información necesaria para a elaboración dun proxecto técnico-profesional.	B1 B2 B5 B6 B21
6. Capacidade para establecer análises autocríticas dos proxectos técnico-profesionais. Capacidade para participar da análise e valoración doutros traballos.	B1 B13 B14 B21
7. Habilidade para achegar solucións persoais á actividade técnico-profesional.	B1 B7 B8 B13 B14 B17 B21
8. Habilidade para manter e renovar o interese e as motivacións do proxecto.	B14 B20 B21

Contidos

Tema
O Proxecto Fin de Grao poderá derivar das actividades desenvolvidas no Prácticum. En todo caso, o alumnado deberá demostrar a súa capacidade para a elaboración dun informe ou proxecto de intervención, e a súa exposición e defensa en público. O contido do traballo poderá adoptar diferentes perspectivas: informe dunha investigación educativa, deseño dun proxecto de intervención educativa ou sistematización dunha experiencia de intervención profesional como mestre en educación primaria. Os traballos de Fin de Grao poderase realizar ao redor de aspectos, ámbitos e colectivos obxecto de intervención no ámbito educativo, así como, calquera outra liña temática que se puidese acordar no seu momento.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Traballos tutelados	10	115	125

Presentacións/exposicións	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia.
Presentacións/exposicións	O alumno/a exporá, no tempo máximo indicado, un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, os membros do Tribunal avaliador poderán realizar as observacións e consideracións oportunas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado disporá dun tutor para a realización do TFG. A titorización consistirá en supervisar e orientar ó/á estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao, así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e defensa do Traballo de Fin de Grao.
Presentacións/exposicións	O alumnado disporá dun tutor para a realización do TFG. A titorización consistirá en supervisar e orientar ó/á estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao, así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e defensa do Traballo de Fin de Grao.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A efectos de avaliación, o/a titor/a académico/a emitirá un informe no que valorará (de 0 a 3 puntos) o labor realizada pola/o alumna/o durante o período de elaboración do TFG.	30
Presentacións/exposicións	O alumno/a exporá ante un tribunal avaliador un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, os membros do Tribunal avaliador poderán realizar as observacións e consideracións oportunas. Celebrado o acto de presentación pública do TFG, o Tribunal avaliador deliberará sobre a cualificación tomando en consideración o informe emitido polo titor académico, a calidade do contido do TFG, así como a propia exposición, en particular, a claridade expositiva e a capacidade de debate e defensa argumental do/a alumno/a. O Tribunal emitirá una puntuación de 0 a 7 puntos.	70

Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación será a suma ponderada da cualificación do Tribunal (de 0

a 7 puntos) mais a valoración do titor (de 0 a 3 puntos).

A valoración do Tribunal será a media aritmética das notas atribuídas por cada un dos seus

membros.

O TFG debe ser un traballo persoal no que se constrúa un discurso propio. C**ando se utilicen ideas ou palabras de outra autoría acreditarase explicitamente a súa procedencia**.

Bibliografía. Fontes de información

Recomendacións

Outros comentarios

A atención ao alumnado realizaráse a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.